

# IES PUNTA CANDIEIRA

# PROGRAMA DE FCT

**CURSO ACADÉMICO: 2020/2021**

**COORDINADOR: Moisés López Mariño.**

# PROGRAMA DE FCT – CURSO 2020/2021.

Segundo a Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de formación en centros de traballo da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia; e a RESOLUCIÓN do 4 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de formación profesional do sistema educativo no curso 2020/21, elaborárase un programa do desenvolvemento das actividades de formación en centros de traballo (FCT) por parte do alumnado do centro. Por este motivo é preciso sinalar o seguinte:

## 1. CONSIDERACIÓNS XERAIS.

O número total de alumnos que realizarán a FCT no curso 2020/2021 será de 64, seguidos por oito titores/as e máis o propio coordinador de FCT.

## 2. NÚMERO DE ALUMNOS QUE SE PREVEE QUE ACCEDAN Á FCT, POR GRUPOS.

DENOMINACIÓN DO CICLO OU FP BÁSICA.	NÚMERO DE ALUMNOS QUE ACCEDERÁN.		
	Procedentes de cursos anteriores.	Procedentes deste mesmo curso.	TOTAL.
2º CM de “Instalacións eléctricas e automáticas”.	2	8	10
2º CM “Mantemento electromecánico”.	1	9	10
2º CS de “Administración e Finanzas”.	2	11	13
2º CS de “Mecatrónica industrial” – Réxime ordinario.	3	11	14
2º FP básica de “Electricidade e electrónica”.	2	3	5
2º FP básica de “Servizos comerciais”.	0	3	3
CS de “Mecatrónica industrial”. – Modalidade de adultos.	6	0	6
CS de “Sistemas electrotécnicos e automatizados”. -Modalidade de adultos.	3	0	3
<b>TOTAL:.....</b>	<b>19</b>	<b>45</b>	<b>64</b>

### 3. HORAS DE FCT DOS DISTINTOS CICLOS FORMATIVOS E FP BÁSICA.

DENOMINACIÓN DO CICLO OU FP BÁSICA.	NÚMERO DE HORAS DE FCT.
CM de "Instalacións eléctricas e automáticas".	410.
CM de "Mantemento electromecánico".	410.
CS de "Administración e Finanzas".	384.
CS de "Mecatrónica industrial" – Réxime ordinario.	384.
FP básica de "Electricidade e electrónica".	320.
FP básica de "Servizos comerciais".	320
CS de "Mecatrónica industrial". – Modalidade de adultos.	384
CS de "Sistemas electrotécnicos e automatizados". - Modalidade de adultos.	384.

### 4. CADRO DE TITORES PARA ESTE CURSO.

<b>TITORES FCT CURSO 2020/2021.</b>	
DENOMINACIÓN DO CICLO FORMATIVO OU FP BÁSICA.	APELIDOS E NOME.
2º CM "Instalacións eléctricas e automáticas".	Saiz Mata, José María.
2º CM "Mantemento electromecánico".	Pita López, Guillermo.
2º CS "Administración e finanzas".	Rodríguez Gómez, Francisco Ramón.
2º CS "Mecatrónica industrial".	Pacios Ulloa, Mónica.
2º FP básica de "Electricidade e electrónica".	Saiz Mata, José María.
2º FP básica de "Servizos comerciais".	Rábade Otero, Paula.
CS "Mecatrónica industrial". – Modalidade de adultos.	Polín Sánchez, Ángel.
CS "Sistemas electrotécnicos e automatizados". Modalidade de adultos.	Fernández Quintás, Manuel Vicente.

## 5. CALENDARIO DE PRÁCTICAS.

Segundo a lexislación vixente estableceronse tres períodos para a realización da FCT, sendo os seguintes:

- **De setembro a decembro de 2020:** Para os alumnos/as que a finais da segunda avaliación, previa á FCT, do curso académico 2019/2020 non tiñan superados a totalidade dos módulos e sí os superaron a 30 de xuño de 2020. Cómpre salientar que o 14 de marzo de 2020 decretouse polo Goberno de España o estado de alarma pola pandemia do COVID-19, motivo polo que a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia ditou a Resolución do 23 de abril de 2020 referente á adaptación das prácticas de FCT ás circunstancias do momento para que os alumnos puidesen realizar ditas prácticas. En base á Resolución mencionada os alumnos elixiron a opción que mellor se lles adaptou aos seus casos persoais e varios optaron por facelas neste período, aínda podendo facelas no curso pasado. Os alumnos dos ciclos superiores de “*Sistemas electrotécnicos e automatizados*” e de “*Mecatrónica industrial*”, da modalidade de adultos, realizarán as prácticas de FCT neste período, xa que no curso pasado soamente cursaron os módulos presenciais no centro educativo. Este período é ordinario para os ciclos mencionados anteriormente da modalidade de adultos e extraordinario para o resto das ensinanzas.
- **De xaneiro a marzo de 2021:** Para alumnos que decidan aprazar ata esta data a realización das prácticas de FCT, e sexan de ciclos formativos ou FP básica de 320, 384 ou 410 horas. Este período ten carácter extraordinario.
- **De marzo a xuño de 2021:** Para os alumnos/as de ciclos formativos 384 ou 410 horas de FCT e que superen tódolos módulos na segunda avaliación. Tamén lles corresponde nestas datas aos alumnos de 2º de FP básica, que farán 320 horas de FCT. Neste período irán a maior cantidade de alumnos, como é habitual, e ten carácter ordinario.

## 6. SEGURO ESCOLAR PARA A REALIZACIÓN DA FCT.

Para a realización da FCT, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria contratou a seguinte póliza de seguro:

**PERÍODO 2019 – 2021.**

**Número Póliza de Accidentes: DA-C30-0000359.**

**Número Póliza de Responsabilidade Civil: DA-R11-0000436.**

**Período de efecto: 01/09/2019 – 31/08/2021.**

**Compañía aseguradora:** Helvetia Compañía Suíza, S.A. de Seguros y Reaseguros.  
Enderezo: R/ Paseo Cristóbal Colón, Nº 26, - 41001 – Sevilla.  
CIF: A41003864

**Tomador:** A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.  
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.  
Edificio Administrativo San Caetano, SN – 15781 Santiago de Compostela.  
CIF: S1511001H.

**As urxencias** (dentro das primeiras 24 horas seguintes á data do accidente) poden ser atendidas en calquera centro sanitario público, privado ou privado concertado coa aseguradora.

**Para solicitar citas médicas**, despois dunta primeira asistencia de urxencias, para realizar posteriores tratamentos, revisións, consultas de seguimento, radiografías, rehabilitacións, intervencións cirúrxicas, etc., dirixíranse a:

siniestros.personales@helvetia.es.

Fax: 902 366 057.

Teléfono: 902 454 454.

Os centros médicos concertados coa compañía aseguradora poden consultarse no seguinte enderezo:

<http://helvetia.scdirecto.com/cuadro-medico/selector>

## **5. ELECCIÓN DAS EMPRESAS PARA A REALIZACIÓN DA FCT.**

Para a elección da empresa por parte do alumno, cada titor/a facilitaralle ao seu grupo unha relación de empresas colaboradoras con este IES en cursos anteriores. Dita relación será elaborada previamente polo coordinador de FCT. Si houberse alumnos/as que non se acolleran ás empresas que se lles facilita, e eles buscasen a súa propia, deberán facilitarnos ben ao titor ou ben ao coordinador a razón social, teléfono e persoa de contacto. Posteriormente o coordinador de FCT poñeráse en contacto coas empresas indicadas por estes alumnos e se iniciarán os trámites para asinar o correspondente convenio de colaboración. A cada alumno tamén se lle facilitará un *“Modelo de solicitude para a realización de FCT”* na que cubrirá as súas preferencias, as cales serán respetadas sempre que sexa posible.

## **6. VISITAS E SEGUIMENTO DA FCT.**

Atendendo ás resolucións que establecen a normativa a seguir, o profesor-titor de cada ciclo formativo ou FP básica establecerá os canles de comunicación que estime oportuno coa persoa designada pola empresa como titor/a do alumno/a na FCT para o seu seguimento. O que sí fará será tres visitas como mínimo á empresa: Unha de presentación do alumno ou alumnos, outra de seguimento de FCT máis ou menos na metade do período e unha terceira e derradeira cando se recolla a carpeta de FCT do alumno ou alumnos coa correspondente avaliación por parte do titor ou titora da empresa. No caso de ter que realizar máis visitas por calquera motivo, levaranse a cabo as que sexan necesarias.

Os alumnos serán recibidos no centro polos respectivos titores cada quince días para expoñerlle as accións desenvolvidas na empresa, analizar o seguimento xeral da súa FCT e cumprimentar o caderno de seguimento.

## **7. ACCIÓNS DE DIVULGACIÓN DO PROGRAMA FORMATIVO E CAPTACIÓN DE NOVAS EMPRESAS.**

Os programas formativos do módulo de FCT para os ciclos formativos xa saen automaticamente do XADE no “Plan individualizado” de cada alumno. O titor de cada alumno nas distintas empresas solamente deberá marcar na casíña correspondente si se acadaron tales competencias.

O profesor-titor de cada ciclo formativo e/ou FP básica, consultado o equipo docente do ciclo e o coordinador de FCT, determinará si o posto formativo ofertado por cada centro de traballo é axeitado e suficiente ou non para conseguir tódalas capacidades terminais da FCT, ou ben require a complementación con outros. Realizará, por tanto, a selección dos centros de traballo que vaian a constituír o programa formativo de cada alumno.

Como accións de divulgación sinálanse as seguintes:

- O profesor-titor dará a coñecer ao seu alumnado as empresas que xa teñen subscrito convenio co IES para a realización da FCT e publicarao no taboleiro da aula.
- O profesor-titor dará a coñecer, así mesmo, as características, áreas e departamentos de cada centro de traballo polos que rotará o alumno, coa temporalización correspondente, sempre e cando sexa posible.
- Pediráselle ao alumnado e ao profesorado que compón o equipo docente de cada ciclo ou departamento que suxiran novas empresas axeitadas, nas que se poidan conseguir as competencias sinaladas no perfil de cada título. Para iso pasarase un impreso no que se debe indicar os datos clave para o contacto posterior coa empresa.

Considérase moi importante poder conseguir o maior número de empresas colaboradoras, xa que o coñecemento dos nosos alumnos por parte das empresas favorece unha posterior inserción laboral dos mesmos.

## **8. OUTRO PUNTO A DESTACAR.**

O coordinador de FCT en colaboración cos profesores titores e máis a dirección do centro, encargarse da xestión de currículums vitae dos alumnos que rematen e llos fan chegar, co fin de axudarlles a conseguir un posto de traballo nas empresas que nos solicitan información e/ou colaboración para cumprimentar a súa plantilla.

Cedeira, a 29 de setembro de 2020.

O coordinador de FCT.

Asdo.: Moisés López Mariño.